


Algúns exercicios lúdicos de sopro para entreter aos nenos/as estes días poden ser:

- + Soprar para facer pompas de xabón usando os brazos na ducha.
- + Carreiras de sopro, empregando pelotas de ping-pong ou papeis arrugados. Pódese soprar cunha palliña ou sen ela.



- + Soprar candeas, colocadas a unha distancia afastada, intentando apagalas (ir aumentando a distancia progresivamente).
- + Inflar globos.
- + Soprar pompeiros (no caso de non dispor de pompeiro, pódese improvisar cun vaso e unha palliña).



- + Facer circuítos de sopro (empregando para delimitar o circuítio: celo, papel de cores, paliños de xeadado, obxectos...) e soprar unha pelota/papel por devandito circuítio.



- + Facer burbullas nun vaso con auga empregando unha palliña.
- + Realizar debuxos soprando (colocando gotiñas de témpera sobre un papel e, a continuación, soprarllas en diversas direccións).



- + Soprar pelotas movéndoas polos ocos dunha caixa de ovos.



Recordatorio: En todos os xogos/actividades é importante que os nenos/as, antes de expulsar-soprar o aire pola boca, inspiren ese aire pola nariz. É dicir, o primeiro paso antes de soprar será inspirar profundamente o aire pola nariz para, posteriormente, botalo pola boca.

Pode resultar tamén moi divertido e interesante elaborar materiais de sopro. A continuación, engádense algunhas ideas de materiais que se poden crear:

<https://www.youtube.com/watch?v=-HcTjREYzbE>

<https://www.youtube.com/watch?v=2epX5zjioOA>

